

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG) PARA O APOIO AO SECTOR TURISCO NA POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA BONO TURÍSTICO 2021 #QuedamosenGalicia2.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2021

REUNIDOS

Por unha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte, D. Cesáreo González Pardal, en calidade de Presidente da **Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (en adiante, CTG)**, con NIF G70377338, e domicilio a efectos de notificacións no Edificio Centro Emprendimento (Coworking) Cidade da Cultura de Galicia Monte Gaias, s/n 15707, Santiago, elixido para o devandito cargo por elección realizada no seo da Asemblea Xeral Extraordinaria do CTG do 1 de outubro de 2018, e actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 19 dos estatutos da entidade.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19, posto en marcha pola Xunta de Galicia para o ano 2020 consistiu nun amplo abano de actuacións encamiñadas a estimular o turismo interno, co obxectivo de inxectar liquidez ao sector e promover a súa recuperación nun momento no que a crise sanitaria non permitiu o desenvolvemento normal da súa actividade.

Entre as iniciativas que se desenvolveron, o Bono Turístico Quedamos en Galicia foi un exemplo da colaboración público-privada, unha alianza estratéxica entre a Administración autonómica, a través da Axencia Turismo de Galicia e o Clúster de Turismo, para afrontar conxuntamente unha crise inesperada e o seu un impacto negativo no sector.

A pandemia segue a estar presente neste ano 2021 e segue castigando especialmente ao sector do turismo, polo que cómpre seguir apostando por instrumentos de colaboración público-privada que permitan reactivar este pilar fundamental da nosa economía.

Os resultados da experiencia do Bono turístico no 2020, foi valorado positivamente polo sector xa que lle permitiu incrementar a demanda nun momento especialmente complexo que, desafortunadamente aínda está presente.

Por este motivo, a Administración Autonómica, comprometida co sector e a cidadanía de Galicia, diseña esta nova edición do bono turístico para que, no momento en que se eliminen as restricións que afectan á mobilidade e impiden o propio proceso da viaxe, teñamos unha ferramenta que motive aos galegos e galegas para percorrer os ricos e variados destinos turísticos da nosa Comunidade.

Terceiro.- Que o fin que persegue esta segunda edición do bono turístico non é outro que estimular a demanda turística interna, a través do consumo de servizos e prestacións turísticas en calquera dos establecementos adheridos a este programa.

Por outra parte, esta segunda edición presenta novidades con respecto á primeira, xa que está dirixido a todas as persoas, maiores de 18 anos, empadroadas en calquera dos municipios de Galicia.

Cuarto.- Que a asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia, cuxa finalidade é a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.

O éxito do programa posto en marcha pola Xunta de Galicia depende en gran medida da existencia dun amplo número de empresas turísticas que coñezan e participen no programa, ofertando aos beneficiarios produtos específicos para o bono # QuedamosenGalicia2 polo que se fai necesario contar coa participación do Clúster de Turismo de Galicia como entidade de ámbito autonómico con dimensión e capacidade de representar ás empresas do sector e á cadea de valor.

Cuarto.- Que no citado contexto o obxectivo do convenio é o impulso do turismo e contribuír a súa reactivación.

Polo exposto a colaboración entre as partes responde ao interese común das mesmas, de reactivación do sector turístico tan afectado pola crise xerada pola evolución epidemiolóxica da COVID-19 que provocou unha parálise total do citado sector, motivo polo que a Axencia Turismo de Galicia considera axeitado e necesario, por razóns de interese público, colaborar co Clúster para o desenvolvemento do programa antes referido, por ser a única entidade que representa a toda a cadea

de valor do sector turístico de Galicia, e polo tanto a única entidade que pode desenvolver o seu obxecto e lograr acadar o seu obxectivo.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Clúster Empresarial de Turismo de Galicia para posta en marcha do programa Bono Turístico 2021 #QuedamosenGalicia2.

A colaboración contempla as seguintes accións:

- Establecemento dun servizo para a incorporación e validación das ofertas ou plans das empresas turísticas, aloxamentos e axencias de viaxe, adheridas ao programa.
- Posta en marcha dun servizo de apoio e resolución de dúbidas para as empresas adheridas ao programa no proceso de incorporación e validación das ofertas ou plans.
- Xestión e coordinación do programa

Segunda .- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para o desenvolvemento das actuacións obxecto deste convenio ascende a 30.250,00 € (IVE incluído), de acordo co seguinte detalle:

Concepto	Número horas	Importe unitario	base	IVE	Importe
Incorporación e validación de ofertas	262.5	40	10.500	2.205	12.705,00 €
Soporte e resolución de incidencias	300	40	12.000	2.520	14.520,00 €
Xestión e coordinación			2.500	525	3.025,00 €
Importe total			25.000	5.250	30.250,00 €

Os conceptos descritos neste cadro poderán sufrir variacións sempre que non se altere a contía total do convenio, que en todo caso terá carácter de máximo.

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de 30.250,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 05.A2.761A.640.0, proxecto 2020 00001, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2021. En todo caso, as achegas da Axencia Turismo de Galicia só cubrirán o custo da realización das actividades sen que o Clúster obteña beneficio ou lucro industrial algún coas mesmas.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor do Clúster, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas.

Terceira.- Compromisos das partes

1. O Clúster comprométese a realizar as actuacións descritas na cláusula primeira, e asume as seguintes obrigas:

- Xustificar a realización da actividade.

- Incluír en toda a documentación e soportes específicos que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia, así como o logo do Xacobeo 2021 en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas, coa achega establecida na cláusula segunda, así como na definición en concreto das accións obxecto do convenio.

Cuarta.- Resultados conxuntos

O diverso material que no seu caso sexa elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común para as partes asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes, non obstante a Axencia Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia. O CTG será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

Sexta.- Xustificación e pagamento

A achega da Axencia Turismo de Galicia, será librada, previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas para o que o Clúster deberá presentar a seguinte documentación, en relación ás actividades cuxa realización asumen de conformidade ao establecido na cláusula segunda:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio e da publicidade da colaboración da Axencia Turismo de Galicia.

- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterá:

a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

b) Factura emitida pola entidade á Axencia Turismo de Galicia polas actuacións realizadas obxecto de este convenio de colaboración ou facturas ou documentos de valor probatorio

equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago

- Nos supostos de gastos realizados con medios ou recursos propios, documentos acreditativos dos gastos realizados e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos costes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

- Indicación do número de conta para realizar o pagamento xunto coa declaración responsable sobre a súa titularidade.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e do logo do Xacobeo 2021.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

A documentación correspondente á xustificación presentarse de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

O prazo para presentar a documentación xustificativa será o **15 de decembro de 2021**.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas nos orzamentos estimados na cláusula segunda relativos as accións a realizar polo Clúster, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e se compensen uns conceptos con outros.

No caso de que finalmente o orzamento executado fose inferior ao orzamento estimado previsto na cláusula segunda deste convenio, minorarase a achega da Axencia ao importe efectivamente xustificado.

Sétima.- Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio.

A Comisión concretará as actividades do programa proposto así como as condicións de financiamento para asegurar a viabilidade das mesmas, dentro da achega máxima a que se obriga a Axencia Turismo de Galicia, coa sinatura deste convenio e establecida na cláusula segunda.

A Comisión de Seguimento fará o seguimento dos traballos obxecto do convenio, así como resolverá as dúbidas que se presenten na súa execución e interpretación.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava.- Modificacións do convenio

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e contra os seus acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo primeira.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederáse a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo segunda.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha

notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o **31 de decembro de 2021**.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia
O presidente

Polo CTG
O presidente

Alfonso Rueda Valenzuela

Cesáreo González Pardal